

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A FUNDACION CIDADE DA CULTURA DE GALICIA E O INSTITUTO COMPLUTENSE DE CIENCIAS MUSICAIS PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS DO ALUMNADO DO MÁSTER EN XESTIÓN CULTURAL: MUSICA, TEATRO E DANZA.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Directora Xerente da Fundación Cidade da Cultura de Galicia, **DECLARA:**

Que esta Fundación Cidade da Cultura de Galicia formalizou co **INSTITUTO COMPLUTENSE DE CIENCIAS MUSICALES** o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a sinatura ata o 30 de setembro de 2017.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Regular a colaboración entre as partes para unha adecuada regulación, programación, desenvolvemento e verificación de prácticas tuteladas do alumnado do Máster en Xestión Cultural: Música, Teatro e Danza nas instalacións de Cidade da Cultura de Galicia.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

A FUNDACION foi constituída o día 27 de decembro de 1999 como entidade sen ánimo de lucro, de interese galego, cun patrimonio afecto de maneira duradeira á realización dos fins de interese xeral propios da Institución. Está inscrita no Rexistro de Fundacións de Interese galego co número 73.



A Fundación Cidade da Cultura de Galicia forma parte do sector público da Comunidade Autónoma de Galicia. Na actualidade está adscrita á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria que exerce o seu protectorado e cuxo conselleiro ostenta a presidencia do Padroado, órgano reitor máximo da Fundación.

Conforme aos seus estatutos, entre as súas actividades fundacionais atópanse, entre outras, as seguintes;

- As que contribúan a desempeñar un papel destacado no proceso de enriquecemento/aprendizaxe cultural da cidadanía, con especial énfase na adopción e uso das novas tecnoloxías.
- Cantas dinamicen o sistema cultural galego, promovendo a difusión e conservación da nosa cultura, e a formación dunha comunidade artística vibrante, atendendo tanto a autores de referencia como a novos talentos ou á cultura de base.
- As que fomenten a interrelación e os proxectos en conxunto entre axentes de distintos ámbitos das industrias culturais e creativas, con especial énfase na cooperación interregional e a colaboración pública e privada.

En cumprimento dos seus fins sociais, a FUNDACION colabora con entidades formativas que promovan a aprendizaxe cultural en todas as súas vertentes, incluída a musical, polo que ten interese en colaborar no sistema de formación práctica do alumnado do ICCMU.

O ICCMU é un centro universitario adscrito á Universidade Complutense de Madrid que ten como fins principais a investigación científica, a recuperación e conservación do



patrimonio, o ensino especializado, o asesoramento técnico e prestación de servizos e a difusión e divulgación do coñecemento sobre a música española e hispanoamericana.

O ICCMU ten a vontade de potenciar a realización de actividades de formación práctica do seu alumnado.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

Ana Isabel Vázquez Reboredo

Directora Xerente

Fundación Cidade da Cultura de Galicia

(asinado dixitalmente)

